

# INTERPRETANDO A PAISAXE

## Ameneiro



*Alnus glutinosa*. Árbore de ata 25 m de altura. Cortiza pardenta e lisa que se agreta coa idade. As súas follas son caedizas e cando son novas pegañentas. A madeira desta árbore emprégase sobre todo para torneados xa que non fende ao secarse, a leña é moi apreciada para os fornos das panaderías. Habita nas marxes dos ríos, onde as súas raíces ademais de fixar nitróxeno evitan a erosión dos cauces fluviais.

## Abeleira



*Corylus avellana*. Pequena árbore de ata 6 m de altura, é da familia das betuláceas. Cortiza pardo-grisácea e lisa. Follas arredondadas de bordo aserrado. As súas sementes son comestibles. Medra en lugares húmidos, sombríos e con solos profundos e ricos en nutrientes. As varas de abeleira teñen moitas aplicacións no noso rural.

## Acivro



*Ilex aquifolium*. Arbusto con tronco de casca agrisada e ponliñas verdosas. Follas perennes. Altura aproximada de 2 a 5m. Habita en Galicia na metade oriental formando masas monoespecíficas na Serra dos Ancares, Manzaneda e Invernadoiro.



## Uz branca



*Erica arborea*. Mata ou arbusto verde todo o ano. Profundamente ramificado. As ponliñas novas son brancas e moi velosas. Flores brancas, fragantes. Habita en case toda a península. É un dos mellores carbóns vexetais, moi apreciado nas ferrarías. As flores producen mel de moi boa calidade.

## Castiñeiro



*Castanea sativa*. Árbore frondosa de ata 30 m de alto. Tronco xeralmente dereito con cortiza cincenta que co tempo vai tornando a castaña escura e agretando en sentido vertical. A súa copa é esférica cando medra en solitario. As follas lanceoladas e aserradas de cor primeiro verde lustroso, no outono vólvense amarelas e despois pardas, decorando dun xeito excepcional a nosa paisaxe antes de caer. O froito, a castaña que madura entre setembro e novembro, medra agrupándose de unha ata cinco unidades nun ourizo. Estas sementes que son comestibles, foron durante moito tempo a fonte principal de hidratos de carbono na alimentación humana en Galicia.

## Bidueiro



Árbore caducifolia que pode medir ata 30 m de altura e presenta unha casca lisa e de cor branca. As follas son alternas e con forma de corazón de bordo dentado e caducas. É moi resistente ás baixas temperaturas e pouco esixente en canto aos solos. Na nosa comarca a variedade existente é a Bétula alba. A súa madeira branda empregouse para facer zocos e apeiros de labranza; o seu zume, as follas e a cortiza empréganse na industria farmacéutica, para producir diuréticos e tamén repelentes de insectos.

## Espiño albar



*Crataegus oxyacantha*. Pequena árbore de entre 4 e 6 m de altura, con copa arredondada e polas con espiñas. As súas follas son caedizas e semellan a unha rama de perexil. As flores de cor branca, que saen entre abril e maio, son utilizadas na industria farmacéutica. Teñen unha función moi importante na formación da paisaxe tanto na primavera coma no outono cando xa sen follas perduran durante moito tempo os seus froitos vermello.

## Loureiro



*Laurus nobilis*. Pequena árbore de ata 10 m de altura. Cortiza verde e follas persistentes de cor verde escuro. É moi abundante na nosa comarca e especialmente ao longo do roteiro deste río, formando sebes de separación das leiras. Os seus froitos son aproveitados para alimentarse sobre todo polos pombos. Esta arboriña está fortemente ligada á nosa cultura, pois emprégase: para condimentar a comida, para afumar os chourizos, para bendecir as leiras cos ramallos do domingo de ramos, e tamén, no remate dunha obra pónse un ramallo de loureiro

## Carballo



*Quercus robur*. Árbore caducifolia de ata 40 m de altura. Cortiza agrietada e follas lobuladas. De gran valor ornamental e paisaxístico, tanto cando se atopa solo como formando as fragas, onde é a especie dominante. Dos seus froitos aliméntanse tanto roedores coma as aves que son ao mesmo tempo os que espallan as súas sementes. É sen lugar a dúbidas a especie que máis abunda ao longo deste roteiro.